

## ACTA Nº 27/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 15 DE XUÑO DE 2009**

#### **Asistentes:**

##### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D. Valentín Piñeiro González  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 15 de xuño de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 26/09, do 08/06 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 106/09 – D. JOSÉ ANTONIO CHAPELA GALLEGO** presenta proxecto básico e execución para a construción de vivenda unifamiliar no barrio de Paradela – Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto

D. Gumersindo Vázquez Gómez e o arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o día 19.05.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 15 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

**INFORME TÉCNICO:** **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da aliñación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 4 de xuño do 2009 para Ordenanza 2.

Non require informes sectoriais.

Cumpre coas Normas do Habitat.

Cédese 23,05M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 198,23 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Acredítase a superficie das parcelas de 718,15 M/2 brutos mediante medición emitida polo técnico

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo, para recibir estas ultimas polo Concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

### **Liquidación provisoria de tributos**

|                                  |            |
|----------------------------------|------------|
| Imposto sobre construcións ..... | 2.474,82 € |
| Taxas licenza urbanística.....   | 309,35 €   |
| Cartel de obra.....              | 110,00 €   |
| Taxas conexión sumidoiros .....  | 180,00 €   |

**2.B) EXPTE. 112/09 – D. JOSÉ ÁNGEL ALVES GARCÍA** presenta proxecto de muro de contención de terras 45,05 ml de lonxitude; altura 1,00 ml; sup. 45,05 m2, no Reigueiro do Barrio da Fraga, de conformidade co proxecto presentado, redactadao polo arquitecto técnico D. Humberto Guimerans Gallego, visado o 4 de xuño de 2009. Orzamento das obras: 4.178,05 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 11 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** MURO DE CONTENCIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial

A resolución do cerramento axustarásese ao descrito no proxecto presentado.

Retranqueará 6,30 metros do eixo do vial.

### **Liquidación provisoria de tributos**

|                                  |          |
|----------------------------------|----------|
| Imposto sobre construcións ..... | 116,99 € |
| Taxas licenza urbanística.....   | 65,00 €  |
| Cartel de obra.....              | 110,00 € |

**2.C) EXPTE. 56/09 – D.<sup>a</sup> ISABEL GARCÍA GONZÁLEZ** presenta proxecto de conservación de vivenda existente no barrio de Fontes, nº 145 – Tirán, de conformidade co proxecto presentado, redatado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 30.03.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 11 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza** das obras de conservación definidas en proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización do Servizo de Estradas.

Edificación en situación de fora de ordenación.

A presente licenza otorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na reparación e limpeza da cuberta, sobre as planchas de fibrocemento actuais se colocará tella, canalóns, baixantes e dúas vilux; chapeado en pedra de fachadas; nova carpintería, enfoscados e falso teito en baixo cuberta: A conservación da cuberta farase co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais así como a preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

### **Liquidación provisoria de tributos**

|                                  |          |
|----------------------------------|----------|
| Imposto sobre construcións ..... | 366,04 € |
| Taxas licenza urbanística.....   | 65,00 €  |
| Cartel de obra.....              | 110,00 € |

### **3.-PECHE**

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 111/09, D. ÁNGEL MANUEL BOUBETA RODRÍGUEZ** solicita licenza de obra para construción dun muro de ceramento de 28,19 ml, altura 1,50 ml, a lindantes, no lugar de Costa-Domaio, de conformidade coa documentación presentada. Orzamento das obras: 1.154,87 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 11 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** CERRAMENTO

**INFORME:** **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

A resolución do cerramento axustarase ao descrito na documentación gráfica presentada; altura máxima de 1,50 metros a partir da rasante natural do terreo.

No enteste coa vía pública retranqueará 6,0 metros do eixo.

### **Liquidación provisoria de tributos**

|                                 |         |
|---------------------------------|---------|
| Imposto s/construción .....     | 32,34 € |
| Taxas licenza urbanística ..... | 65,00 € |

### **4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

Vistos os oficios remitidos pola Xunta de Galicia, Delegación provincial da CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, no que solicita condicionado do Concello relativo ás seguintes instalacións eléctricas solicitadas por FENOSA:

- IN407A 2009/375-4: rexistro de entrada 2911
- IN407A 2009/249-4: rexistro de entrada 2419
- IN407A 2009/250-4: rexistro de entrada 2420
- IN407A 2009/239-4: rexistro de entrada 2421

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 11 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO: SOLICITUDE DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDÚSTRIA**

Nº DE EXPEDIENTES:

IN407A 2009/375-4, DENOMINACIÓN LMT CT RAMON CABANILLAS.

IN407A 2009/239-4, DENOMINACIÓN LMTS CTC CAMPO DE GOLF DOMAIO

IN407A 2009/250-4, DENOMINACIÓN LMTS CTC CAMPO DE GOLF DOMAIO Nº 3

IN407A 2009/249-4, DENOMINACIÓN LMTS CTC CAMPO DE GOLF DOMAIO Nº4

Ante a solicitude promovida por Unión Fenosa Distribución, S.A este Concello non opón condicionado algún, quedando pendente o replanteo definitivo da posición dos centros de transformación no campo de golf.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á delegación provincial da Consellería de Economía e Industria.**

## 5.- PROPOSTAS DE GASTOS

5.A) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

| DEPARTAMENTO         | CONCEPTO  | PROVEDOR                                 | PARTIDA           | IMPORTE   |
|----------------------|---|--|-------------------|-----------|
| SERVIZOS             | Rotulación vehículo de servizos                       | DECOPUBLI – David Rúa Rúa                | 5110-22109 RC 946 | 162,40 €  |
| SERVIZOS             | Materiais arranxo parque do Mexueiro                  | ALMACENES CANDUCHO, S.L.                 | 5110 21000 RC 953 | 681,94 €  |
| CULTURA              | Aluguer xerador, luz e son “Festa da xuventude 09”    | FERROGAR Megafonía Luz e Son Profesional | 4510 22608 RC 961 | 1500,02 € |
| CULTURA              | Trípticos as linguas su+man                           | IRISAR, Deseño e impresión, s.l.l.       | 4510 22611 RC 950 | 494,86 €  |
| MEDIO AMBIENTE E MAR | Arranxo zodiac de salvamento                          | PROMAR MEIRA                             | 2221 21400 RC 951 | 268,02 €  |
| POLICÍA LOCAL        | Subministro de baterías para talkies da Policía local | TELGA COMUNICACIONES, S.L.               | 2220 22109 RC 948 | 440,80 €  |
| POLICÍA LOCAL        | Vestuario para a Policía Local                        | EL CORTE INGLÉS,                         | 2220 22104 RC 955 | 2030,00 € |

|                      |   |                       |                   |           |
|----------------------|---|-----------------------|-------------------|-----------|
|                      |   | S.A.                  |                   |           |
| MEDIO AMBIENTE E MAR | Instalación balizamento do Areal do Con e aluguer e instalación do da Xunqueira | SERVISUB BUEU, S.L.   | 2221 22703 RC 958 | 3000,00 € |
| MEDIO AMBIENTE       | Panel informativo areal do Cocho  | NOVOCONTORNO, S.L.    | 4440 22602 RC 954 | 450,74 €  |
| POLICÍA LOCAL        | Disco duro externo e memoria ram  | CYBERNOVA MOAÑA, S.L. | 1210 22002 RC 947 | 208,80 €  |

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

**5.B)** Vista a proposta da concelleira de Deportes do 12 de xuño de 2009, que di:

Dende a **Concellería de Deportes** estase a organizar xunto co Club de atletismo Samertolameu a XXVIII Olimpiada Escolar no aterro de Samertolameu, polo que propoñemos o gasto á xunta de goberno local do seguinte:

- Instalacións artísticas Ival, S.L.: unha carpa de 10 x 15 m. cuxo custe é de 928 euros (ive engadido).
- Carlos Martínez Currás, bocadillos para nenos e comida para organizadores, cuxo custe é de 380 euros (ive engadido).
- Publisán Morrazo S.L., trofeos e medallas cuxo custe é de 765,60 euros (ive engadido).
- Obras y Servicios Fernández S.L., instalación de dous servizos sanitarios portátiles cuxo custe é de 465 euros (ive engadido).
- Servizo de megafonía cuxo custe é de 464 euros (ive engadido).

O total da actividade ascende á cantidade de 3002,60 euros.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúo na partida 4520 22608,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto por importe de 3.002,60 euros, pola organización do XXVIII Olimpiada Escolar, imputándoo á partida 4520 22608 RC 959.

**5.C)** Vista a proposta de gastos da Alcaldía con motivo dos actos que se queren desenvolver con motivo da rúa de Bernardino Graña e do Paseo de Manuel María, e que consisten en:

- Invitacións e programas – Kopiac Moaña S.L.: 326,20 euros
- Placa do paseo – Regal Cerámica Artesán: 139,20 euros
- Pincho – Hotel Bienestar: 800,00 euros
- Actuación tino Baz: 696,00 euros
- Concerto Asociación Cultural-Musical Solfa: 400,00 euros.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuó na partida 1110 22601,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto por importe de 2.361,40 euros, pola inauguración da rúa Bernardino Graña e do paseo de Manuel María, imputándoo á partida 1110 22601 RC 960.

## **6.- CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA “INSTALACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O PORTAL DO ALMACÉN E BROULLÓN”**

Dáse conta da certificación nº 1 da obra “INSTALACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O PORTAL DO ALMACÉN E BROULLÓN”, presentada pola empresa RELE CALEFACCIÓN, S.L., de data 5 de xuño de 2009, asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 11 de xuño de 2009 (115/09), por entender cumpridos os trámites legais necesarios e por responder a obras efectivamente executadas.

**Segundo:** Aprobar a certificación nº 1 da obra “Instalación do alumeadado público entre O portal do Almacén e Broullón”, de data 5 de xuño de 2009, polo importe de 68.248,10 €.

**Tercero:** Aprobar a factura nº 39, do 5 de xuño de 2009, de RELE CALEFACCIÓN, S.L. polo importe de 68.248,10 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4320.60114.

## **7.- CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA “REURBANIZACIÓN DA RÚA AS BARXAS”.**

Dáse conta da certificación nº 1 da obra “REURBANIZACIÓN DA RÚA AS BARXAS”, presentada pola empresa PLYGEPE, S.L., de data 26 de maio de 2009, asinada polo director de obra D. José Manuel Carballo Moldes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 10 de xuño de 2009 (114/09), por entender cumpridos os trámites necesarios previstos na lei e por responder a obras efectivamente realizadas.

**Segundo:** Requirirlle á empresa para que proceda ao pagamento da publicación do anuncio da adxudicación provisional, cuxo custe, segundo consta na contabilidade municipal, foi de 670,07 euros.

**Terceiro:** Aprobar a certificación nº 1 da obra “Reurbanización da Rúa As Barxas”, de data 29 de maio de 2009, polo importe de 132.029,59 €.

**Cuarto:** Aprobar a factura nº 90.087, do 29 de maio de 2009, de PLYGEPE, S.L. polo importe de 132.029,59 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61121.

## **8.- CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”.**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 1 da obra “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”, presentada pola empresa COVSA, CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A., de data 25 de maio de 2009, asinada polo director de obra D. José Manuel Carballo Moldes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:



**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 9 de xuño de 2009 (111/09), por entender cumpridos os trámites necesarios previstos na lei e por responder a obras efectivamente realizadas.

**Segundo:** Requirirille á empresa para que proceda ao pagamento da publicación do anuncio da adxudicación provisional, cuxo custe, segundo consta na contabilidade municipal, foi de 682,25 euros.

**Terceiro:** Aprobar a certificación ordinaria nº 1 da obra “Humanización do Barrio do Real”, de data 25 de maio de 2009, polo importe de 105.647,12 €.

**Cuarto:** Aprobar a factura nº 290582, do 25 de maio de 2009, de COVSA, S.A. polo importe de 105.647,12 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61120.

## 9.- RELACIÓN DE FACTURAS

O delegado de Facenda propón que se probe a relación de facturas nº 166 presentada pola Intervención municipal de data 9 de xuño de 2009, levada á Comisión de Facenda desa mesma data, por importe de 41.708,80 euros, cuxa relación empeza por FRANCISCO FERREIRO GONZÁLEZ polo importe de 278,40 euros e remata coa factura GARCÍA DEL CUETO, MARÍA JOSE polo importe de 271,29 euros, e que está integrada por tres anexos:

- 
- Anexo I: gastos que contan con autorización de gasto ou RC anual.
- Anexo II: gastos que contan con Retención de crédito e proposta de gasto.
- Anexo III: gastos que non contan con tramitación contable.

| Factura  | Interesado                            | Partida    | Importe (€) |
|----------|---------------------------------------|------------|-------------|
| 3        | FRANCISCO FERREIRO GONZALEZ           | 5110 21000 | 278,40      |
| 655      | SANIPLAST, S.L.                       | 5110 21000 | 481,27      |
| 2167720  | UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A.        | 1210 22101 | 65,35       |
| 2090243  | ESYCSA                                | 2220 21300 | 268,28      |
| 2090244  | ESYCSA                                | 2220 21300 | 273,56      |
| 64       | PARDO FABEIRO, ANTONIO                | 1210 22603 | 1.285,33    |
| 321908   | SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS | 1210 22000 | 1.217,64    |
| 1072799  | R CABLE Y TELECOMUNICACION DE GALICIA | 3130 22200 | 83,08       |
| 10903922 | PAZ DISMAC, S.L                       | 1210 22000 | 243,84      |
| 10903923 | PAZ DISMAC, S.L                       | 2220 22000 | 220,21      |
| 10903924 | PAZ DISMAC, S.L                       | 1210 22000 | 347,85      |
| FV9/68   | EXCONGAL, S.L.                        | 5110 60113 | 17.806,00   |
| 09/127   | CYBERNOVA MOAÑA S.L.                  | 1210 22706 | 275,00      |
| 101/09   | MONTAJES OGANDO S.L.                  | 4520 21200 | 209,96      |
| 204/09   | E. BERMUDEZ E HIJOS S.L.              | 4520 22608 | 425,00      |
| 76       | RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis             | 1210 22000 | 31,59       |

|          |  |            |           |
|----------|--|------------|-----------|
| 79       | RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis                  | 3130 22000 | 74,50     |
| 88       | RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis                  | 2220 22000 | 179,80    |
| 58       | RODRIGUEZ ABAL, Jose Luis                  | 1210 22000 | 292,32    |
| 219      | ALDAO GONZALEZ SUSANA 000585232X SLNE      | 3130 22703 | 1.168,80  |
| 218      | ALDAO GONZALEZ SUSANA 000585232X SLNE      | 3130 22703 | 4.124,89  |
| A/45     | INSTALACIONES ARTISTICAS IVAN              | 4510 22608 | 4.756,00  |
| 4        | BANDA DE MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO         | 4510 22612 | 1.298,13  |
| 1        | COMUNIDAD PROPIETARIOS RAMON CABANILLAS    | 1210 22604 | 87,45     |
| 189      | ELECTRO-AUTO CANGAS S.L.                   | 5110 21400 | 934,03    |
| 674      | SANTOME GONZALEZ, Juan Pablo               | 2220 22700 | 16,00     |
| 9873     | AON GIL Y CARVAJAL S.A. CORREDURIA DE SEG. | 3130 22402 | 214,50    |
| 22468    | SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS      | 1210 22299 | 520,42    |
| E/9      | MONFORTE S.A.                              | 2220 20400 | 948,00    |
| 290522   | CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS S.A.          | 5110 21000 | 506,61    |
| 311      | HORMIGONES S.A.                            | 5110 21000 | 767,47    |
| 312      | HORMIGONES S.A.                            | 5110 21000 | 767,47    |
| 685      | HORMIGONES S.A.                            | 5110 21000 | 690,05    |
| 09/01/09 | GARCIA DEL CUETO, Maria José               | 3130 22614 | 850,00    |
|          |  | TOTAL      |           |
|          |  | RELACION   | 41.708,80 |

Visto o informe do interventor 112/2009 do 9 de xuño de 2009, no que se refire ao incumprimento nalgunhas facturas incluídas no anexo III e de unha incluída no anexo II de trámites previstos na Lei de contratos do sector público, nas bases de execución do orzamento e no RD 1496/2003, así como a asunción de gastos orixinados por asociacións deportivas e clubs de xubilados, alleos a este concello por non tratarse de gastos producidos pola súa organización e no exercicio das súas competencias,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga das facturas relacionadas na **relación número 166**, con cargo ás partidas orzamentarias que figuran nela, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración, por entender que os servizos foron efectivamente executados e, noutros casos, por tratarse de bens e instalacións municipais.

#### **10.- FACTURA TELEFONIA FIXA (MES DE MAIO DE 2009)**

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 9 de xuño de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía fixa do mes de maio de 2009, reflectido na factura 60-E955-003078 de Telefónica de España, por un importe de 3.422,54 euros, e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-912-0.

## **11.- FACTURA TELEFONÍA MÓBIL (MES DE ABRIL 2009)**

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 9 de xuño de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de telefonía móbil do mes de abril de 2009, reflectido na factura 28-E984-849670 de Telefónica Móviles España, S.A., por un importe de 2.632,53 euros e recoñece a obriga con cargo ás partidas orzamentarias recollidas no RC 2009-936-0; tamén acorda aprobar a bonificación de 674,64 euros correspondentes a dita facturación.

## **12.- FACTURA UNIÓN FENOSA**

Vista a proposta da Comisión de Facenda do 9 de xuño de 2009 presentada polo Delegado a esta xuntanza,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o consumo de enerxía eléctrica do mes de abril de 2009 reflectido nas facturas de Unión Fenosa, por un importe de 14.987,03 euros, e recoñece a obriga con cargo as partidas orzamentarias sinaladas no RC 2009-910-0.

## **13.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Visto o informe do 15 de xuño de 2009 da traballadora social do Concello sobre variacións no servizo de axuda no fogar, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: dar de baixa a D. Jaime Rivas Santomé, con efectos dende o día 1 de xuño de 2009, polo motivo contido no informe.

Segundo: dar de alta a D.<sup>a</sup> Juana Santomé del Río, con efectos dende o día 1 de xuño, sen achega económica ningunha, cunha duración de dous meses.

## **14.-ALTAS NO SERVIZO DA LUDOTECA**

Visto o informe do 15 de xuño de 2009 da coordinadora da Ludoteca, co visto e praxe da Concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos persoas asistentes, acorda dar de alta no servizo municipal da Ludoteca á seguinte usuaria, con indicación do seu nome, o nº de socia, tarifa que lle corresponde e nome da responsable obrigada ao seu pagamento:

|              |                              |                       |
|--------------|------------------------------|-----------------------|
| <b>Socio</b> | Aitana Rodríguez Budiño      | <b>Art. 4 Epgr.1º</b> |
| <b>168</b>   | Diana Budiño Bernárdez (nai) | 36.168.095 C          |

## **15.- HORARIO DE VERÁN DA LUDOTECA**

Visto o informe do 15 de xuño de 2009 da coordinadora da Ludoteca, co visto e prace da Concelleira de Igualdade, no que se propón, de acordo coa ordenanza municipal e con motivo das vacacións de verán dos nenos e nenas, a apertura da ludoteca en horario ao público de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres, dende o martes 23 de xuño de 2009 ao mércores 9 de setembro de 2009, sendo o horario de traballo das traballadoras de 8.00 a 14.30 horas,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da coordinadora da Ludoteca e establecer o horario de verán na Ludoteca municipal.

## **16.- SOLICITUDE DE INTEGRACIÓN DE AUXILIAR DA POLICÍA LOCAL**

D. Francisco Javier Ablanedo Alberti, auxiliar de Policía Local de Moaña, por escrito con entrada no Concello o día 25 de febreiro de 2009, solicita que unha das vacantes da oferta de emprego público do ano 2008 do Concello, referente á Policía local, grupo C1, escala Administración especial, subescala servizos especiais, sexa reservada para a aplicación da disposición adicional segunda da Lei 4/2007, de coordinación da policía local, xa que no Concello existe un posot de traballo de auxiliar de policía local que cumpre cos requisitos da lei. Tamén solicita que sexan aprobadas e publicadas as bases que regulen o proceso selectivo de integración do auxiliar no corpo de Policía local.

Visto o informe emitido polo secretario municipal de data 11 de xuño de 2009, no que logo de referir a lexislación aplicable e facer algunhas consideracións xurídicas conclúe que a Lei 4/2007, de coordinación de policías locais, que é a reguladora do proceso de integración solicitado, establece unha serie de requisitos para proceder á integración que deben concorrer nos aspirantes a este proceso excepcional de ingreso ao corpo de policía local. Indica tamén que, ao seu xuízo, o solicitante non cumpre os requisitos previstos na Lei, en concreto, o requisito de antigüidade mínima de tres anos continuados no posto, polo que **non procede atender ao solicitado**,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a petición efectuada baseándose no informe do secretario municipal.

## **17.- RECLAMACIÓNS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL**

**17.A)** D. Carlos Martínez Pastoriza, veciño de Cangas, por escrito con entrada no Concello o día 10 de xuño de 2009, formaliza reclamación previa por indemnización polos danos e prexuízos ocasionados pola colocación inadecuada de badéns na estrada “Meira-A Fraga”, polos feitos e fundamentos xurídicos que se recollen no escrito, e cuxa indemnización establece de maneira prudencial en 3.588,29 euros. Acompaña dúas

facturas: unha de Electroauto Cangas, s.l., por importe de 1.500,29 euros e outra de Manuel Pascual Navarro, por importe de 2.088,00 euros..

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación formulada por canto a estrada é de titularidade da Deputación Provincial e os pasos elevados foron instalados a instancia da Deputación, sen autorización nin informe do Concello de Moaña.

**17.B)** D.<sup>a</sup> María del Carmen Hermelo Lemos, veciña de Cangas, por escrito do 10 de xuño de 2009, formaliza reclamación previa por indemnización polo danos e prexuízos ocasionados pola colocación inadecuada de badéns na estrada “Meira-A Fraga”, polos feitos e fundamentos xurídicos que se recollen no escrito, e cuxa indemnización establece de maneira prudencial en 3.000,00 euros. Acompaña un “recibín” a nome de D. José Antonio Rodríguez Novas, sen sinatura e selo, por importe de 3.000 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación formulada por canto a estrada é de titularidade da Deputación Provincial e os pasos elevados foron instalados a instancia da Deputación, sen autorización nin informe do Concello de Moaña.

## **18- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA *REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REIBÓN*.**

Visto o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra *REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REIBÓN* remitido pola empresa CONSTRUCTORA EDISERPO, S.L. para o seu estudo e aprobación, redactado polo técnico superior de prevención desta construtora, D. Aquilino Aguete Estévez,

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de maio de 2009 nomeouse coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución desta obra a D. Cristóbal Juncal Ríos e visto o informe favorable que emitiu este para aprobación do devandito Plan de Seguridade e Saúde, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 3 de xuño de 2009

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra *REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REIBÓN*.

## **19.- CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE SALVAMENTO DE PRAIAS**

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de maio de 2009 aprobáronse a convocatoria e bases de selección para o servizo municipal de salvamento en praias de Moaña 2009, cuxo obxecto é a provisión, mediante concurso-oposición, de dous patróns e de dous socorristas acuáticos.

Unha vez realizadas as fases do proceso selectivo e contestadas as reclamacións que se presentaron –unha pola praza de patrón e dúas pola de socorrista- polas puntuacións provisionais, o tribunal cualificador presenta o seguinte listado coa puntuación definitiva e propón a contratación dos dous aspirantes de cada praza acadaron maior puntuación e que se destacan en negra:

#### SOCORRISTA.

| APELIDOS E NOME                    | PUNTUACIÓN CURRÍCULO | TEST       | PRACTICA  | TOTAL        |
|------------------------------------|----------------------|------------|-----------|--------------|
| CAMPILLO GARCIA, FERNANDO          | 0,10                 | Non presen | -----     | -----        |
| DIAZ HERMELO, ESTEBAN              | 5,38                 | Non presen | -----     | -----        |
| <b>MARTINEZ DEL RIO, ALEXANDRE</b> | <b>3,90</b>          | <b>14</b>  | <b>30</b> | <b>47,90</b> |
| <b>MARTÍNEZ RIOBÓ, IGNACIO.</b>    | <b>5,40</b>          | <b>16</b>  | <b>30</b> | <b>51,40</b> |
| OTERO FERNANDEZ, ANDRÉS            | 3,00                 | 14         | 30        | 47,00        |
| OTERO FERNANDEZ, TITO VICENTE      | 3,00                 | 12         | 30        | 45,00        |
| PORTABALES VIEITEZ, SARA           | 4,11                 | 11         | Non pres  | -----        |

#### PATRÓN

| APELIDOS E NOME                 | PUNTUACIÓN  | TEST           | PRACTICA  | TOTAL        |
|---------------------------------|-------------|----------------|-----------|--------------|
| <b>ÁLVAREZ GONZÁLEZ, CARLOS</b> | <b>8,32</b> | <b>10</b>      | <b>35</b> | <b>53,32</b> |
| <b>BOUBETA ROUCO, JOSE</b>      | <b>2,32</b> | <b>14</b>      | <b>35</b> | <b>51,32</b> |
| FERNANDEZ BOUBETA, J. ANTONIO   | 0,40        | 7              |           |              |
| MARTÍNEZ BAMIO, MARÍA DOLORES   | 2,03        | Non presentado |           |              |
| MARTINEZ OTERO, JORGE           | 1,20        | 13             | 20        | 34,20        |
| SANTOME GAYO, SERGIO            | 0,03        | Non presen     |           |              |
| SOTELO COSTA, RUBEN             | 2,00        | 16             | 25        | 43,00        |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta do tribunal cualificador e proceder á contratación de D. ALEXANDRE MARTÍNEZ DEL RÍO e D. IGNACIO MARTÍNEZ RIOBÓ como **socorristas**, e de D. CARLOS ÁLVAREZ GONZÁLEZ e D. JOSÉ BOUBETA ROUCO como **patróns**, dende o día 16 de xuño de 2009 ata o 15 de setembro de 2009, na modalidade de contrato por obra e servizo determinado. A retribución bruta mensual do posto de socorrista é de 1.081,75 €, e a de patrón de 1.032,51 €, cos horarios e descansos reflectidos nas bases.

## 20.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

|                                     | Servizo                   | Lugar   | Taxas aboadas                                  | Informe favorable         |
|-------------------------------------|---------------------------|---|--|---------------------------|
| GIORDANO RÍOS RIOBO                 | Saneamento, uso doméstico | Broullón 57                                     | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |
| JESÚS SEQUEIROS RIOBÓ               | Saneamento, uso doméstico | Paradela, 40                                    | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |
| JOSÉ BERNÁRDEZ CAMAÑO               | Saneamento, uso doméstico | Broullón, 47                                    | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |
| Mº LUISA SOLLA GONZÁLEZ             | Saneamento, uso doméstico | Palmás, 65 – Domaio                             | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |
| ÁNGEL FARALDO CRESPO                | Saneamento, uso doméstico | Broullón, 37 B                                  | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |
| JUAN BOSCO JOSÉ MONTENEGRO CABELLO  | Auga, uso doméstico       | r/ Bernardino Graña, edf. Poza da Moura 1, 2º a | Conexión augas ..... 60 €<br>Fianza ..... 20 € | Aqualia                   |
| MANUEL FERNÁNDEZ PAZ                | Saneamento, uso doméstico | Piñeiro, 125                                    | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |
| EUGENIO NÚÑEZ FREIRE                | Saneamento, uso doméstico | As Pajonas, 50 (Berducedo)                      | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |
| MANUEL FARIA CURRA                  | Saneamento, uso doméstico | Broullón, 48, casa                              | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |
| ALFONSO LORENZO REGUEIRA            | Saneamento, uso doméstico | Verdeal, 118 A (Domaio)                         | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |
| JOSÉ MANUEL DEL REY MORO            | Saneamento, uso doméstico | Calvar, 11 – 3º A (Domaio)                      | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |
| SANTIAGO GARCÍA FERNANDEZ           | Auga, uso doméstico       | r/ Bernardino Graña, 23, 3º C                   | Conexión augas ..... 60 €<br>Fianza ..... 20 € | Aqualia                   |
| JESÚS REGALADO GONZÁLEZ             | Auga, uso doméstico       | Ramón Cabanillas, 214, baixo cuberta B          | Conexión augas ..... 60 €<br>Fianza ..... 20 € | Aqualia                   |
| ROSA ANA SOLLA CORRALES             | Saneamento, uso doméstico | Palmás, 79 (Domaio)                             | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |
| MARÍA DEL CARMEN REGUEIRA FERNÁNDEZ | Saneamento, uso doméstico | Calvar, 3                                       | Conexión sumidoiro.....180 €                   | Aqualia Arq. Técn. Munic. |

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:20 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.